

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA (O.R.A)

A Ordenanza reguladora do servizo de ordenación e regulamento do aparcamento de vehículos na vía pública, foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 10 de novembro de 1988 e publicada no BOP de data 4 de maio de 1989.

Posteriormente promulgouse a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria mediante R.D.L. núm. 339/1990, da Ordenanza Reguladora do Servizo de Ordenación e regulación de aparcamento de vehículos na vía pública (O.R.A.), Ordenanza que se aprobou en sesión plenaria celebrada o día 18 de novembro de 1993 e publicada no B.O.P. do 21 de febreiro de 1994, nº 41.

A aplicación da Ordenanza reguladora da O.R.A. aprobada o 18-11-93 puxo de manifesto posteriormente que era a necesaria a remodelación do Servizo a prol dun mellor funcionamento, o que esixiu a modificación de determinados artigos, concretamente o artigo 2º e o art. 15 da mesma, modificación que se aprobou en sesión plenaria de data 12 de xaneiro de 1996, publicada no B.O.P. de 21 de febreiro de 1996.

A lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade viaria foi reformada pola Lei 5/1997, de 24 de marzo, BOE nº 72, consecuentemente e ante a escaseza do solo con destino ó aparcamento e o aumento do parque automobilístico da cidade, nos últimos anos, considérase necesaria a redacción e a publicación dunha noca ordenanza reguladora do servizo de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública, considerado como un verdadeiro servizo público, de forma que se dean as condicións dunha maior racionalidade, unha distribución equitativa dos estacionamentos entre os usuarios, e que á súa vez complementa a ordenanza de circulación e de estacionamento deste Concello.

En consecuencia con isto e de conformidade co disposto nos artigos 7, 38, 70 e 71 da Lei 5/1997, de 24 de marzo, de reforma do TEXTO ARTICULADO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL que autorizan expresamente ós Concellos a regular mediante Ordenanza todo o concernente ó réxime de parada e estacionamento de vehículos nas vías urbanas así como a adoptalas medidas necesarias para evitar o entorpecemento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración de estacionamento así como as medidas correctoras precisas incluída a retirada do vehículo ou a inmovilización do mesmo.

Así mesmo, co fin de adecuar a Ordenanza ás directrices da lei 46/1998, de 17 de decembro, relativo á introdución do euro, se procede a modificala mesma quedando redactada da seguinte maneira

Artigo 1º.- Establécese neste municipio a ordenanza reguladora do servizo de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas vías públicas da cidade.

Artigo 2º.-A zona do municipio na que funciona este servizo, denominada zona ORA, comprende as vías públicas seguintes:

- Dr. Marañón
- Avda. de Pontevedra (entre Progreso e Bispo Cesário)
- Xoán XXII
- Progreso (entre Don Bosco e a Praza Alférez Provisional)
- Acceso á Capela dos Remedios ata a avda. Pardo de Cela (entrada Pavillón)

- Avda. Habana
- Curros Enríquez
- Camiño Caneiro
- Avda. Bos Aires
- Praza das Mercedes
- Arturo Pérez Serantes
- Antonio Saenz Díez
- Samuel Eiján
- Florentino López Cuevillas
- Manuel Pereira
- Cardeal Quevedo
- San Lázaro
- Xaquín Lorenzo "Xocas"
- Bedoya
- Valle-Inclán
- Ramón Cabanillas
- As Burgas
- Baixada a Praza de Abastos
- Tras Alameda
- Parada Justel
- García Mosquera (entre Padre Feijoo e Villar)
- Lugo
- José Ramón Fernández-Ojea "Ben Cho Sei"
- Padre Feijoo
- Celso Emilio Ferreiro

Exclúense os espazos reservados para os vaos, carga e descarga nas horas sinaladas, paradas de bus e taxis, servizos de urxencias, rúas peonís ou treitos de rúas onde este prohibido o estacionamento.

Pro razón de seguridade, obras ou interese público o Excmo. Concello poderá modificar as zonas afectadas, inda que isto supoña unha diminución do número de prazas.

A ampliación do Servizo ORAS a vías urbanas non previstas nesta ordenanza, axustarase ós termos previstos na mesma.

Artigo 3º.- As vías públicas que constitúen a zona de aplicación deste servizo, serán obxecto da debida sinalización, tanto horizontal como vertical. Sinalizarase horizontalmente cada praza de aparcamento, únicos espazos nos que se permitirá o estacionamento do vehículo.

Artículo 4º.- O servizo ORA entrará en actividade os días laborais.

De luns a veres, de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:30 horas.

Sábado de 10 a 14:00 horas.

Fora deste horario e nos días festivos , o servizo non estará en actividade.

Por resolución da Alcaldía poderá modificarse ou ampliarse o citado horario

Artigo 5º.- O tempo máximo en que un vehículo pode permanecer aparcado en zona ORA nunha vía, durante o horario de actividade é de 2 horas e cinco minutos.

Exceptúanse ós residentes que poden aparcalo seu vehículo sen límite de tempo de estacionamento na zona do seu domicilio, ou no bloque se naquela estivera prohibido o estacionamento ou fose peonil.

Artigo 6º.- Poderán obter para os seus vehículos a acreditación de vehículo residente as persoas que a soliciten e teñan o seu domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes dentro da área de aplicación desta ordenanza.

Para obter o distintivo especial de residente, os interesados deberán:

- A. Solicitar o impreso oficial
- B. Acreditar a personalidade del propietario del vehículo mediante a exhibición del DNI y los estranxeiros a tarxeta de residencia ou pasaporte, nesos documentos deberá constar o domicilio para o que solicita o distintivo e entregar a fotocopia do documento exhibido
- C. Acreditar a propiedade do vehículo exhibido o permiso de circulación, no cal deberá constar domicilio idéntico ó mencionado no apartado anterior, e aportar fotocopia do mesmo.
- D. Exhibir o último recibo ou documento análogo acreditativo do pagamento do imposto municipal de circulación
- E. Non ter pendente, no momento de solicitar a tarxeta, o pagamento do imposto municipal de circulación

Polos servizos municipais comprobarase que o solicitante está empadroado no domicilio que indica.

Unha vez estimada a instancia retirarase a tarxeta, previo aboamento do prezo indicado na Ordenanza Fiscal.

O prazo de presentación con carácter xeral habilitarase tanto para novas peticións coma nos casos de renovación, do 15 de decembro ó 15 de xaneiro. Con carácter excepcional para novos vehículos e cambios de domicilio, habilitarase os días 1 ó 15 de cada mes. Deberán levar en lugar visible a tarxeta correspondente ó ano que se lles acredite como tal.

Perderá a condición de residente se aparca o vehículo fora da rúa ou bloque asignado ó mesmo na súa tarxeta, debendo, neste caso, aboar a tarifa xeral xo limitación do tempo establecido.

Artigo 7º.- O control do tempo de estacionamento efectuarase mediante comprobante e o seu pagamento acreditarase por medio do correspondente billete que se obtén nas máquinas expendedoras coa introdución de moedas ou utilizando tarxeta magnética. O billete indicará o día, hora e minutos máximos autorizados de estacionamento, cantidade pagada e, se procede, o distintivo de tarifa de residente.

O condutor do vehículo estará obrigado a colocar o comprobante na parte interna do parabrisas, quedando totalmente visible dende o exterior.

Artigo 8º.- As accións ou omisións contrarias á presente Ordenanza durante o período de actividade da mesma e nos lugares habilitados ó efecto coma de estacionamento con limitación horaria (relacionados no artigo 4º da presente Ordenanza), constitúen unha infracción de carácter administrativo, sancionable na forma e medida expresa no artigo 11º.

Queda prohibido estacionar nos seguintes casos:

- A. Sen poñer o distintivo que o autoriza.
 - a. Aparcamiento efectuado sen billete ou sen billete valido
 - b. Aparcamiento efectuado con billete non visible ou de forma non permanente.
- B. Cando posto o distintivo de manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido.

- C. A permanencia por enriba da estancia máxima dúas horas e cinco minutos, na mesma praza.
- D. Fora do perímetro sinalado na calzada como praza de aparcamento.
- E. Empregando tarifas ou espazos reservados para residentes sen a tarxetas correspondente.

As infraccións descritas denunciaranse polos axentes da autoridade, en aplicación do artigo 75 da Lei de seguridade viaria, podendo os controladores da empresa concesionaria, formular denuncia voluntaria, que anunciarán documentalmente no parabrisas do vehículo e na que se indicará os datos desta, así como a infracción cometida.

Sen prexuízo do exposto, denunciarase polos axentes da Policía Local as infraccións non previstas anteriormente que se comenta en zona ORA en virtude das normas xerais de regulación de tráfico urbano.

As infraccións relacionadas anteriormente terán a consideración de infraccións leves sendo sancionadas pola Alcaldía con multa:

- 60 euros e 10 céntimos infraccións contempladas en B
- 90 euros con 15 céntimos infraccións contempladas en A, C, D e E

De conformidade co previsto no artigo 67.1 do Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, para o que se aproba a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Estas sancións poderán facerse efectivas dentro dos dez días seguintes á notificación da denuncia, cunha redución do 20 por cento sobre a contía fixada.

Sen prexuízo da aplicación das sancións correspondentes, os axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán procederá inmovilización do vehículo cando non de encontren provistos do título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se consiga a identificación do seu condutor.

Artigo 9º.- No suposto de que non de superase en máis de media hora o tempo máximo de estacionamento, po usuario poderá anular a denuncia mediante a obtención dun segundo billete de "anulación" por valor de 1 euro e 50 céntimos.

O billete de anulación xunto co boletín de denuncia, poderá introducilos na caixón de correo situada no pé da máquina expendedora ou ben entregalo a un dos controladores do servizo, co obxecto de anular de forma legal a denuncia formulada.

Artigo 10º.- De conformidade có disposto no artigo 71.1 letras "a") e "e") da Lei 5/1997, de 24 de marzo, procederáse á retirada do vehículo da vía pública e o seu traslado ó lugar preparado a tal efecto para o seu depósito.

- a) Sempre que constitúa un perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou funcionamento dalgún servizo público ou deteriore o patrimonio público e tamén cando se poida presumir racionalmente o seu abandono.
- b) Cando o vehículo permanece estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autorice, ou cando se rebase o dobre do tempo aboado conforme o establecido nesta Ordenanza municipal.

Salvo a en caso de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen

como consecuencia da inmovilización ou retirada , serán por conta do titular, que deberá aboalas ou garantir o seu pagamento como requisito previo da posta en marcha do vehículo, sen prexuízo do dereito de recursos que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable da infracción que dera lugar a retirada. As taxas correspondentes ó traslado e depósito deberán estar establecidas na correspondente Ordenanza fiscal.

Como consecuencia do incumprimento de preceptos desta Ordenanza, os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán proceder, con independencia da sanción económica que corresponde á infracción a:

1. A inmovilización de todo aquel vehículo que:
 - Non estea provisto do título que habilite o estacionamento
 - Exceda do tempo de estacionamento e n mais de media hora.

A inmovilización suspenderase cando se consiga a identificación do seu condutor

2. A retirada do vehículo da vía e traslado ó depósito municipal, sempre e cando non estivera inmovilizado, e nos seguintes casos:
 - Cando o Vehículo non este provisto do título que habilite ó estacionamento.
 - Cando rebase o dobre do tempo aboado conforme ó establecido na Ordenanza Municipal

No caso de estar inmovilizado o vehículo este poderá ser retirado da vía pública e trasladado ó depósito municipal cando non de puidera identificar ó condutor do vehículo ó acabar a xornada laboral diaria do servizo de ORA

A prestación dos servizos de inmovilización e de retirada dos vehículos da vía pública, así como a estancia do mesmo nos depósitos municipais existentes ó efecto, devengarán as taxas previstas na Ordenanza fiscal correspondente, debendo ser satisfeitas as mesmas antes da devolución do vehículo.

Artículo 11º.- Para a prestación do servizo ORA este Concello, en utilización das facultades conferidas na disposición adicional sexta da Lei 39/88, reguladora das facendas locais, establece noema de prezo público nos artigos 12 ó 15 desta ordenanza.

Artículo 12º.- Constitúe o feito imponible do presente prezo o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas indicadas no artigo 2º e durante o horario previsto no artigo 4º.

Artigo 13º.- Están obrigados ó pagamento do prezo:

- A. En calidade de contribuínte, co condutor do vehículo
- B. Como responsables solidarios, o propietario do mesmo

A estes efectos, entenderase por propietario do vehículo que figure como titular do mesmo no Rexistro de inspección de permisos de circulación que regula o artigo 246 do Código de circulación

Artículo 14º.- O pagamento do prezo do estacionamento realizarase no momento en que se efectúa o aparcamento do vehículo e o seu pagamento acreditarase mediante billete, segundo so indica no artigo 7º.

Artigo 15º.- As tarifas a aplicar serán as que se fixen na Ordenanza fiscal vixente.

Quedan excluídos do pagamento de prezo público os seguintes vehículos:

- As motocicletas, ciclomotores e bicicletas
- Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- Os vehículos auto-taxi cando o condutor este presente.
- Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de Organismos do Estado, Comunidade ou municipio, destinados directa e exclusivamente á prestación de servizos
- Os vehículos de representacións diplomáticas acreditadas en España, externamente identificados.
- Os vehículos destinados á asistencia sanitaria, debidamente identificados.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor na data correspondente ó da súa publicación no BOP.

As normas contidas nesta Ordenanza permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Por resolución da Alcaldía Presidencia ratificada polo Concello pleno, poderá modificarse o tempo máximo de estacionamento establecido, así como os días e zonas de aplicación desta Ordenanza

SEGURIDADE E TRANSPORTES

DECRETO.- Consistorial de Ourense, 28 de xaneiro de dous mil catro.

Co obxecto dá regulación das tarifas que se aplicarán por estacionamento de vehículos en zonas hora e, de conformidade co establecido no artigo 5º, parágrafo terceiro, de la Ordenanza Reguladora do Servizo de Ordenación e Regulamento de Aparcamiento de vehículos na vía pública (ORA), en uso das facultades que me teñen sido conferidas, esta Alcaldía RESOLVEU ampliar o tempo máximo de aparcamento para a totalidade da zona a dúas horas e catorce minutos.

O mandou e firmou o Sr. Alcalde, do que eu, Secretario Xeral, dou fe.

O ALCALDE PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Manuel J. Cabezas Enriquez

Mariano Rodríguez Gutierrez